

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto Decreto 2017-2444 de data 10 de novembro de 2017 mediante o que se resolve contratar una persoa a través das listas de substitución de profesor de música, na especialidade de Linguaxe Musical, mediante contrato por interinidade a xornada completa cuxo obxecto do contrato é a substitución de Dna. Mónica Viro Porto, mentres se atope de baixa por I.T.

Visto que debido á renuncia da única candidata da lista de substitución na categoría de profesor de música, especialidade linguaxe música, se resolve aprobar unha nova convocatoria para a presentación de instancias na citada categoría, mediante Resolución da Alcaldía de data 14 de novembro de 2017, acordando unificar a lista resultante do proceso selectivo coa xa existente, dando lugar a unha soa lista de substitucións na categoría de profesor de música, especialidade linguaxe musical.

Visto que con data 27 de febreiro de 2018 se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos na categoría de profesor de música, especialidade de linguaxe musical, o 22 de marzo de 2018 se procede á constitución do Tribunal do citado proceso selectivo co obxecto da valoración curricular de méritos dos aspirantes, elaborando como resultado a Acta final de puntuacións.

En base as competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Unificar as listas resultantes dos procesos selectivos de profesor de música, especialidade linguaxe musical nunha soa lista de substitucións, na que a orde de prelación final virá determinada pola puntuación obtida por cada aspirante en calquera dos dous procesos, tal como a continuación se indica:

APELIDOS	NOME	DNI	FORMACIÓN		EXPERIENCIA	TOTAL
			Cursos (a.1)	Galego a.2)		
GAGO ROMERO	RENATA	*****377G	0,6	1	3,5	5,1
INSUA PARDO	XIANA	*****938Q	3	1	0	4

Segundo.- Visto que na actualidade Dna. Mónica Viro Porto se atopa en situación de alta laboral, acordo deixar sen efecto o Decreto nº 2017-2444 de data 10 de novembro de 2017, posto que resolvía contratar a unha persoa a través das listas de substitucións de profesor de música, especialidade linguaxe musical, mentras durara a baixa por I.T de Dna. Mónica Viro Porto.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web: www.ponteareas.gal.

Cuarto.- Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro do Concello, e na paxina www.ponteareas.gal, ao abeiro do establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez